

DIVERSIDAD



APECTIVO - SEXUAL

**UN MES CONTRA A HOMOFOBIA:
XUÑO CON ORGULLO**

FICHAS PARA TRABALLAR EN SECUNDARIA SOBRE DIVERSIDADE AFECTIVA E SEXUAL

UN MES CONTRA A HOMOFOBIA:

FICHAS PARA TRABALLAR EN SECUNDARIA SOBRE DIVERSIDADE AFECTIVA E SEXUAL

ACTIVIDADE 1

Ideas previas e conceptos

A VER QUE SABES...

ACTIVIDADE DE IDENTIFICACIÓN DE IDEAS PREVIAS E DE CONCEPTUALIZACIÓN

Obxectivos:

Determinar o grao de coñecemento do alumnado en relación á cuestión da diversidade afectiva e sexual.

Metodoloxía:

Recursos: Fotocopia do cuestionario, encerado e xiz.

Distribución do grupo: Nunha primeira fase, individual. Posteriormente faise unha posta en común con toda a clase.

Para 2º ciclo de ESO, Bacharelato e FP Grao Medio.

Descrición da actividade:

Trátase dun cuestionario de ideas previas que nos serven para extraer cales son os coñecementos iniciais que posúe o alumnado con respecto a este centro de interese. Estas ideas iniciais dános unha importante información sobre como propor a unidade didáctica. En principio pasarase o cuestionario aos/ás alumnas para que o enchan de forma individual. Posteriormente o/a profesor/a xerará un debate para que expoñan en público as respostas. A participación do alumnado será voluntaria mais sería interesante que todo o mundo participase para fomentar un primeiro achegamento á cuestión.

Nota: Lembrar ao profesorado que ten un glosario básico na *Guía de recursos da diversidade afectiva e sexual* da Steg do ano 2010 por se o quere distribuír entre o alumnado despois de faceren o cuestionario.

Introdución do tema da diversidade afectivo-sexual na aula:

Unha suxestión é que a introdución do tema da diversidade afectivo-sexual na aula pode propiciarse aproveitando a celebración de varios xornadas sinaladas:

-26 de abril, día da visibilidadelésbica.

-17 de maio, día contra a homofobia.

-28 de xuño, día do orgullolésbico, gai, bisexual e transexual.

Ideas previas e conceptos... A VER QUE SABES...

1. Serías capaz de definir os seguintes conceptos?

- Homosexualidade
- Heterosexualidade
- Gais
- Lesbianas
- Homofobia
- Transexual

UN MES CONTRA A HOMOFOBIA:

FICHAS PARA TRABALLAR EN SECUNDARIA SOBRE DIVERSIDADE AFECTIVA E SEXUAL

2. Responde Verdadeiro ou Falso as seguintes cuestións:

- A homosexualidade é un vicio.
- As persoas homosexuais disfrutan dos mesmos dereitos que calquera outra persoa.
- A homosexualidade é unha forma máis de vivir a sexualidade e a afectividade dunha persoa.
- A homosexualidade pode condicionar as túas aspiracións profesionais.

3. Coñeces a algunha persoa homosexual? Se non a coñeces, como a imaxinas?

4. Sinceramente, se o teu mellor amigo / a túa mellor amiga faiche saber que é homosexual como reaccionarias?

- a. apartaríame del/dela porque non sabería como reaccionar.
- b. falaría con el/ela para saber se necesita axuda.
- c. falaría do tema co /coa tutor(a) ou un(ha) profesor(a).
- d. seguiríalle tratando igual.

5. Que porcentaxe da poboación cres que é homosexual?

6. Que cres que te define como un home ou como unha muller?

7. Por que cres que a homosexualidade é un tema tabú ou ben obxecto de burlas?

8. Finalmente comenta calquera outro aspecto que che gustaría saber ou preguntar. Se queres dá a túa opinión sobre a homosexualidade e se tería que tratarse nos institutos.

Fonte: Introducció a la diversitat afectiva i sexual, de Inclou. Adaptada

ACTIVIDADE 2

Orientación do desexo sexual

Obxectivos

Aclarar os conceptos de: orientación do desexo, homosexualidade, heterosexualidade e transexualidade.

Diferenciar a identidade sexual da orientación do desexo.

Aceptar e respectar as diferentes formas de ser homes e de ser mulleres das persoas.

Conceptos clave

- Identidade sexual.
- A orientación sexual.

Elementos que conforman a identidade persoal.

- A diversidade sexual:
- Homosexualidade
- Heterosexualidade
- Bisexualidade.

Indicacións para o profesorado

O respecto á diversidade sexual, o respecto ás diferentes formas que temos de ser homes e mulleres, está en la base de la convivencia pacífica entre los seres humanos. A nosa identidade persoal confórmase como un puzzle de distintos elementos: a bioloxía, a familia, o noso sexo, a nosa orientación sexual, os roles e estereotipos sociais, a nosa personalidade..., ao longo do tempo e en continua evolución.

É necesario aclarar os conceptos que nos axuden a entender todo isto.

Ademais, a través da banda deseñada podemos achegarnos a unha realidade que habitualmente aparece estereotipada.

A homofobia é unha lacra da nosa sociedade e das nosas aulas e está na orixe de moitos casos de acoso e violencia.

Recursos e materiais de apoio

Ficha 1, enquisa.

Ficha 2, esquema.

Banda deseñada.: *Guille, un chico de mi instituto* o *Carol, una chica de mi instituto. Guía sobre diversidad afectivo-sexual para adolescentes*. Editados por COGAM e outros. É fácil descargar os documentos da rede. *25 cuestiones sobre la orientación sexual*, guía dirixida a persoas educadoras elaborada pola Comisión de Educación de COGAM e editada polo Defensor del Menor da Comunidade de Madrid no ano 1999. É fácil descargar o documento da rede.

Dirixida a: Alumnado de 3º e 4º da ESO.

Fonte da actividade:

Ni ogros ni princesas. Guía para la educación afectivo-sexual en la ESO. Adaptado.

Ed. Consejería de Salud y Servicios Sanitarios de Asturias. 2007.

Desenvolvemento:

1. Para comezar, pídeselles que individualmente contesten á enquisa (ver Ficha 1). Non se pretende con ela máis que introducir o tema, pero se aparecera algunha dúbida ou pregunta é o momento de, entre todos e todas, abordalas.


2. A continuación imos aclarar conceptos:

Pódese escribir no encerado este esquema e comentalo, para, posteriormente, pedirilles que completen a

UN MES CONTRA A HOMOFOBIA:

FICHAS PARA TRABALLAR EN SECUNDARIA SOBRE DIVERSIDADE AFECTIVA E SEXUAL

ficha 2 en grupos. Faise a posta en común e acláranse todas as dúbidas conceptuais que apareceran



A miña identidade sexual

MULLER
HOME

A miña orientación sexual

HETEROSEXUAL
HOMOSEXUAL
BISEXUAL

A miña identidade social

Como son eu muller?
Como son eu home?

(Se houbo un desacordo entre a identidade sexual e o propio corpo falaremos de transexualidade).

3. En terceiro lugar, proxectarase a banda deseñada e, a partir dela, levarase a cabo un coloquio no tempo restante. Pódeselle pedir unha reflexión persoal por escrito como tarefa para casa.

ACTIVIDADE 2

Orientación do desexo sexual

FICHA 1 Enquisa

1. Cando descubriches a túa heterosexualidade?

- De sempre. · Na miña adolescencia. · Hai pouco. · Aínda non o valorei.

2. Custouche moito aceptar que o es?

- Si, aínda me custa. · Un pouco. · En realidade estou encantado.

3. Coñeces casos similares?

- Si. · Non. · Non o sei. A xente non fala desas cousas.

4. Pensas contarllo aos teus pais ou titores?

- Si, supoño, e penso que me entenderán. Son moi abertos.
- Non, nunca lles contaría algo así.
- Penso que lles custaría moito aceptalo. A súa educación é moi tradicional.
- Xa o fixen.

5. E as túas amizades?

- Si, supoño e penso que o entenderán, xa que algúns deles tamén son heterosexuais.
- Non, nunca lles contaría algo así.
- Supoño que lles custaría aceptalo.
- Xa o compartín con eles.

6. Sentícheste algunha vez discriminado/a por ser heterosexual?

- Algunhas veces. · Si, continuamente. · Non. · No, porque oculto o que son.

7. Cantas veces fostes a un psicólogo/a para que te axude a aceptarte ou te faga deixar de ser heterosexual?

- Moitas. · Teño medo a que nin el me entenda.
- Estou en tratamento. · Non, non fun por este "problema".

8. Cres que unha parella de distinto sexo pode formar unha familia e educar fillos sen que sexa un trauma para eles?

- Sí. · Non. · Depende; porque, hai cada pai e nai!

9. Que sentes cando oes a expresión: "heterosexual de merda" ou as continuas bromas e chistes gratuítos ao respecto?

- Dóeme e gustaríame desaparecer.
- Mentres non mo digan a min...
- É que realmente os heterosexuais somos así.
- Deféndome abertamente e defendo aos que son coma min.

UN MES CONTRA A HOMOFOBIA:

FICHAS PARA TRABAJAR EN SECUNDARIA SOBRE DIVERSIDADE AFECTIVA E SEXUAL

ACTIVIDADE 2

Orientación do desexo sexual

FICHA 2 Identidades

Identidades

Identidade sexual	Orientación sexual	Identidade social
Son muller	Son homosexual (son lesbiana)	Son sociable, gústanme as motos, encántame bañarme na praia, non se me dan ben as matemáticas ...
Son		Son sociable gústanme as motos, encántame bañarme na praia, non se me dan ben as matemáticas ...
		Son sociable gústanme as motos, encántame bañarme na praia, non se me dan ben as matemáticas ...
		Son sociable, gústanme as motos, encántame bañarme na praia, non se me dan ben as matemáticas ...

ACTIVIDADE 2

Orientación do desexo sexual

Banda deseñada



ACTIVIDADE 3

Busca de información sobre o día do orgullo gai

ACTIVIDADE DE REFORZO E AMPLIACIÓN (BUSCA DE INFORMACIÓN), SENSIBILIZACIÓN

Obxectivos:

Coñecer a historia do movemento GLBT e as principais reivindicacións do colectivo de gays, lesbianas, bisexuais e transexuais.

Metodoloxía:

Recursos: Fotocopia para o alumnado.

Distribución do grupo: Individual e en grupo de clase.

Bacharelato e FP.

Descrición da actividade:

Os alumnos teñen que procurar información relacionada coa Festa do Orgullo Gai e responder as preguntas que teñen no cuestionario que se lles distribuíu. Pódense deixar uns días antes de poñer en común as respostas, para permitir acceder a internet, hemerotecas ou pedir información a algunha asociación lgbt.

Cuestionario: O DÍA DO ORGULLO GAI

Procura información en hemerotecas ou en internet ou consulta algunha organización lgbt e responde as seguintes preguntas:

1. Cales son as cores que forman a bandeira insignia dos colectivos de gays, lesbianas, bisexuais e transexuais?
2. Por que razón saen à rúa millares de persoas de todo o mundo no día 28 de xuño
3. Pensas que é necesaria a celebración deste día? Por que?
4. Que se reivindica neste día?
5. Cando e onde se celebrou por primeira no Estado español o Día do Orgullo?
6. Aproximadamente, cantas persoas lgbt hai en España?
7. Cales son as frentes de loita dos colectivos lgbt?
8. De que formas se poden presentar a homofobia e o rexeitamento social? É sempre violencia física?
9. Que lles ocorre a moito(a)s adolescentes cando descubren a súa homosexualidade?
10. Hai familias homoparentais na actualidade? Como se formaron? Está recoñecida esta realidade?
11. Que demostraron os estudos de psicoloxía sobre as parellas do mesmo sexo con respecto á educación dos nenos? Son iguais os nenos criados por parellas «homo» aos criados por rellas «hetero»?
12. Comenta cal é a situación legal das persoas lgbt nos seguintes países: Holanda, Suráfrica, Gran Bretaña, Estados Unidos, Canadá, Arabia Saudí, Brasil, España.

Páxinas web onde se pode atopar máis facilmente esta información:

-Wikipedia/Galipedia nos ítems: Homosexualidade, Stonewall...

O catálogo LGBT da galipedia ten varias entradas interesantes.

-Páxina web de COGAM.

-Páxina web de ILGA (está en inglés).

Fonte: Introducció a la diversitat afectiva i sexual, de Inclou. Adaptada.